

«Entendo a vida como narración»

Como na súa literatura, Casares tamén convertía as entrevistas en contos

XESÚS FRAGA

REDACCIÓN / LA VOZ

Nos seus artigos diarios en La Voz Carlos Casares fixo de si mesmo un personaxe máis ao falar converter o seu día a día en material literario. Pero o escritor tamén estivo a disposición dos xornalistas —e dos lectores: abriu o primeiro encontro dixital do xornal— para responder ás súas preguntas; a súa escolla permite imaxinar un autorretrato de Casares.

LINGUA

O futuro do galego. «As políticas lingüísticas non me parecen determinantes. Para min, o problema é o seguinte: cada ano hai moitos pais que falan o galego entre eles, pero que non llo transmiten ós seus fillos, porque lle falan en castelán. En cambio, dos pais que falan entre eles en castelán, case ninguén cambia ó galego. Se esto segue así, o futuro é moi problemático. O problema, polo tanto, está máis nos pais que na Administración».

Un escenario multilingüe. «Na miña casa, a miña muller fala sueco cos fillos e galego comigo. Os rapaces falan castelán entre eles, sueco coa nai e galego comigo, pero cando estamos en Suecia, podemos falar sueco entre todos, ou inglés cos veciños estranxeiros. Este panorama, aparentemente complexo ou case caótico, funcionou sempre moi ben, tanto no nivel da comunicación como no da afectividade».



O escritor, retratado pola súa muller, Kristina Berg. FUNDACIÓN CASARES

LITERATURA

Os artigos. «A miña experiencia cos lectores, tanto cos que len os meus artigos como cos que len os meus libros, é moi parecida: sempre moi grata. Eu creo que escribo igual un artigo que un conto ou unha novela. De feito, o que fago no periódico é literatura. A min gústame contar cousas. Eu entendo a vida baixo a especie da narración máis que baixo a especie dos conceptos».

A sinxeleza. «Sempre concebín a literatura como claridade e sinxeleza, pois a miña formación foi moi clásica. Creo que

ese principio inspira tódolos meus libros. Eso non me impediu nun caso concreto, que foi a miña primeira novela [*Cambio en tres*], facer algunhas monadas de tipo experimental».

O mellor escritor vivo. «Nunha ocasión, cando o meu fillo maior era estudante, un profesor dixo na clase, mirando para el, que o mellor escritor galego vivo era Méndez Ferrín. Logo, dirixiuse ao rapaz e preguntoulle: 'O señor Casares non está de acordo?'. O meu fillo respondeulle: 'Eu téñolle escoitado ao meu pai que o mellor escritor do mundo son aproximadamente cinco

LIBRO

Os mellores artigos publicados en La Voz



Con motivo dos dez anos dende o pasamento de Casares, La Voz ofrece aos seus lectores este venres, por só un euro, un libro cos mellores artigos que o autor publicou no periódico, dentro da súa sección «Á marxe». A recompilación abarca o persoal universo temático de Casares, dende a súa infancia en Xinzo ata as súas viaxes, os seus amigos escritores, a gastronomía ou personaxes célebres dos seus textos como o gato «Samuel».

mil'. En Galicia, o mellor deben ser doce ou catorce».

TECNOLOXÍA

Pioneiro en Internet. «Fun dos primeiros que utilicei Internet, cando ninguén falaba diso. Cando eu o fixen nun artigo en La Voz de Galicia, a xente preguntábame de que ía aquilo, porque era totalmente descoñecido». «Inquédame saber como imos pensar nestes tempos nos que se pode acceder a todo o mundo. O que non sei é que futuro nos agarda, que influencia vai ter todo isto no pensamento. Pero penso que o progreso é bo para a cultura».

Quería ir con bastón

Ás veces as ilusións apárcanse, quizais, porque é máis reconfortante gozar coa idea de alcanzalas algún día que disfrutar co pracer inmediato de materializalas. El quería ir con bastón. A idea rondáballe como unha licenza coa coquetería que entendía que só se podía cumprir unha vez rebasada certa idade. Antes, podería interpretarse como unha pedantería.

A estas alturas, dez anos despois, se o pudor de quen se sentiría hoxe aínda novo tivera sido xa vencida pola coquetería de quen podería tamén empezar a presumir un pouco de vello, seguro que tería empezado a empregalo. Habería argumentos de todo tipo para apuntalar unha ou outra opción. Pero un episodio físico menor, transitorio, podería ter axudado a cumprir unha desas concesións coa felicidade dun mesmo coas que adoitamos ser rácanos de máis. Sería cuestión de tempo, pero seguro que o bastón acabaría sendo algo normal e pasaría a formar parte do universo que compartía sen poses cos seus lectores. Coa mesma naturalidade coa que o gato Samuel saltou das alfombras da casa ás páxinas deste xornal, o bastón tamén podería. Aínda a risco de parecer pedante por ornamentar dese xeito o paseo, sen necesidade física, a vida é un regalo demasiado tacaño como para non concederse estes lúxos inocentes.

COLECCIÓN DE CHULETEROS



SÉPTIMA ENTREGA
DOMINGO 11

CUCHILLO + TENEDOR

1'95
EUROS
+ CUPÓN DEL LOMO

K

La Voz de Galicia te ofrece una completa colección de cuchillos chuleteros para que domines el arte del corte.

eS Aprovecha las ventajas de ser suscriptor. Llama ahora al teléfono 800 154 218 y consigue esta colección por solo 27€.

Cada domingo con **La Voz de Galicia**

